

Tema 2. Historia da Normativización: a construción da variedade estándar e interferencias e desviacións da norma.

1. Historia da Normativización: a construción da variedade estándar

Desde fins do século XV ata principios do século XX o **galego** que aparece por **escrito baséase** no galego falado, no **galego oral**. Resulta, cando menos, chocante que unha lingua popular oral sexa utilizada como lingua literaria. Non será ata **mediados do século XIX** cando se trate de **modificar** esta conciencia. Serán os escritores do Prerrexurdimento e do Rexurdimento os que tenten situar o galego ao mesmo nivel có castelán, en situación de oposición e como alternativa literaria a este. Esta actitude baséase na crenza das posibilidades do galego como lingua de cultura en pé de igualdade co castelán.

Aos escritores de metade do século XIX preséntaselles un problema á hora de escribir, que lingua literaria utilizar? Pois eles descoñecían os textos galego-portugueses medievais e crían que eran os primeiros en usar a lingua galega para a creación literaria. Diante deste problema foron ensaiando **diferentes solucións** que supuxeron un progreso, un **avance gradual** para a **creación e fixación dun modelo estándar culto**:

1. 1ª etapa: **Dialectalismo**. Nun inicio os escritores van **reflectir a lingua falada** que coñecían, isto é, a **da súa zona xeográfica** natal. Cadaquén escribía como se falaba na súa zona de orixe e os espazos baleiros enchíanse co castelán. Esta etapa denomínase **Galego popularizante ou enxebreizante**.

2. 2ª etapa: **Interdialectalismo**. A medida que se van publicando libros en galego e aparecen os **primeiros dicionarios e gramáticas**, os escritores aprenden os **trazos doutras zonas xeográficas** e comezan a **combinarse** nos textos características dialectais das diferentes zonas, producíndose un enriquecemento da lingua e unha ampliación das capacidades expresivas do idioma. Esta etapa denomínase **Galego protoestándar**.

3. 3ª etapa: **Supradialectalismo**. Comeza a botarse man dos **cultismos** como elementos dignificadores do idioma buscando achegarse a un **galego escrito común para todo o territorio**. Os cultismos son semellantes en galego e castelán, como na maioría das linguas romances, porque proceden directamente do latín e do grego. Nesta etapa, denominada **Galego estándar**, chegaronse a **orixinar algúns disparates lingüísticos** co afán de afastarse o máis posible do castelán: os **hiperenxebreismos** ou **pseudogaleguismos**, palabras de aparencia galega pero que non o son (**estroitura, *doita*, etc.).

Tamén botaron man dos **arcaísmos**, voces recuperadas desde o galego medieval, e dos **lusismos**, palabras importadas desde o portugués.

Os primeiros intentos máis claros de **elaborar unhas normas para acadar unha variedade común ou estándar da lingua galega** atópanse no **primeiro terzo do s. XX**:

--> **1933, *Algunhas normas pra a Unificación do Idioma Galego***, publicado polo Seminario de Estudos Galegos.

--> **1936, *Engádega ás Normas para a Unificación do Idioma Galego***, posterior **reforma** das normas do 1933.

Estes esforzos por conseguir unha lingua literaria culta común truncáronse co estoupido da Guerra Civil no 1936 e non será até o **final da Ditadura franquista (década de 1970)** cando volvan reivindicar abertamente os dereitos do galego, facéndose definitivamente necesaria unha normativa ortográfica común:

--> **1970, *Normas ortográficas da Real Academia Galega***, que supuxeron un avance na fixación escrita do galego. Este avance deuse en 2 direccións:

- **Reintegracionismo**: trata de recuperar vocabulario do galego-portugués medieval e integralo no galego. Pode ser de dous tipos: **a) Reintegracionismo de máximos**: máxima achega á lingua portuguesa ou **b) Reintegracionismo de mínimos**: integra só certas confluencias co portugués.

- **Independentismo**: trata de normativizar o galego desde as fontes populares do idioma, desde o galego vivo.

--> **1977, *Bases para a unificación das normas lingüísticas do galego***, resultado dun intento de entendemento entre o reintegracionismo e o independentismo.

--> **1982, *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego***, froito de acordo ao que chegaron a Real Academia galega e o Instituto da Lingua Galega, que constitúen a base da normativa ortográfica oficial actual.

--> **2003, *revisión*** da normativa do ano 1982 denominada ***Normativa de Concordia***.

2. Interferencias e desviacións da norma.

A **interferencia lingüística** acontece en **individuos bilingües** cando se desvían da norma dunha das linguas por influencia da outra. Nunha situación de linguas en contacto, dúas linguas que conviven nun mesmo territorio, son moi frecuentes as interferencias entre ambas.

1. Interferencias lingüísticas do castelán no galego.

Poden acontecer en todos os planos da lingua: fónico, morfosintáctico e léxico-semántico. No caso de Galicia a convivencia entre dúas linguas que son estruturalmente semellantes, que comparten vocabulario común e un certo número de regras morfosintácticas, favorece que haxa numerosas interferencias entre os dous idiomas. O grao máximo de interferencia entre os sistemas galego e castelán é **castrapo**, dentro do que habería que distinguir dúas variedades: **castrapo de base castelá** (castelán con abundancia de interferencias do galego) e **castrapo de base galega** (galego con abundancia de interferencias castelás). A **convivencia diglósica** entre galego e castelán orixina que a lingua castelá estea máis protexida fronte ás interferencias que o galego.

1.1. Interferencias fónicas

- **Neutralización das vogais tónicas abertas**, pasar a un sistema de 5 fonemas vocálicos (dos 7 da lingua galega).
- **Realización do fonema nasal velar /ŋ/ como alveolar /n/**: *una vs unha.
- **Realización do fonema fricativo palatal xordo /ʃ/ como alveolar /s/**: *toso vs toxo

1.2. Interferencias morfolóxicas:

- **Alteracións no xénero dos substantivos**, é dicir, empregar como femininos substantivos masculinos e viceversa (o sinal, o costume, a paréntese, etc.).
- **Uso do artigo determinado masculino (o) diante de palabras que comezan por a-** (a arte, a aguia, a auga, etc.).
- **Non diferenciación dos pronomes de 2ª e 3ª persoa de Obxecto directo (te, o/a/os/as) e Obxecto indirecto (che, lle/lles).**
- **Uso incorrecto do pronome persoal tónico de 1ª persoa (eu) no canto do pronome oblicuo (min) nas comparativas** (É máis alto ca **min**).
- **Utilización de formas do Obxecto indirecto (lle, lles) no canto das correspondentes de Obxecto directo (o, a, os, as).**
- **Emprego da forma do demostrativo *estos no canto da forma galega estes.**
- **Uso do relativo quen en plural (*quenes)**, pois o relativo é invariable, non ten plural.
- **Uso apocopado do indefinido *calquer**, en galego é invariable: **calquera**.
- **Uso apocopado dos numerais *primer e *tercer**, en galego: **primeiro e terceiro**.

- **Uso de tempos compostos co auxiliar haber**, para indicar esa temporalidade usamos o **antepretérito**.
- **Conxugar os verbos conforme aos modelos casteláns**: **conduzco* vs conduzco, **produxo* vs produciu, **andiven* vs andei, **sintes* vs sentes, **durme* vs dorme, **suben* vs soben, etc.

1.3. Interferencias léxicas:

- O **castelanismo léxico** convive coa forma galega e esta vai **restrinxindo o seu significado** por influencia da forma castelá (**escoba*, **sartén*, **grifo* vs vasoira, tixola, billa, etc.).
- Cando no **galego existen dous sinónimos e un deles coincide coa forma do castelán**, polo regular este é o que ten un uso máis amplo, mentres que a forma exclusiva do galego vai perdendo vixencia ou incluso restrinxe o seu significado (beizos / labios, bágoas / lágrimas, etc).
- Introducción de **formas castelás disfrazadas baixo a aparencia de formas galegas** que poñen en perigo palabras autenticamente galegas (**conexo* vs coello, **xaula* vs gaiola, **baraxa* vs baralla, **antoxo* vs antollo, etc.)
- Caso extremo de castelanismo consiste na **substitución dunha forma galega por outra castelá** (**Dios* vs Deus, **rodilla* vs xeonllo, **cuchara* vs culler, etc.).

1.4. Interferencias sintácticas:

- **Ausencia do artigo determinado ante un posesivo**.
- **Incorrecta colocación do pronome átono na oración**.
- **Emprego da preposición *a* en perífrases de Ir + Infinitivo**.

2. Outras interferencias:

a) **Lusismos**. Aparecen cando se recorre a termos do portugués para substituír formas propias galegas. Poden ser de tres tipos:

- **gráficos**: **governo* vs goberno, **povo* vs pobo, etc.
- **morfolóxicos**: **cais* vs cales, **escreber* vs escribir, etc.
- **léxicos**: **nervos* vs nervios, **luta* vs loita, etc.

b) **Préstamos**. Son termos que proveñen **doutras linguas** que se introducen no galego, a maior parte das veces **innecesarios** ou superfluos. Nos últimos tempos a lingua galega vese inzada de palabras que proveñen do **inglés (anglicismos)**.